



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

Expte.: 129/500

(modificado por informe da Subxerencia Territorial do Catastro de 30/4/2004).

(modificado por informe da Dirección de Ingresos de 16/6/2004).

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O CUMPRIMENTO DAS CLÁUSULAS SEGUNDA, TERCEIRA, QUINTA, E OITAVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CATASTRO NO AMBITO DA PONENCIA PARCIAL DE VALORES - 2003.

MEMORIA XUSTIFICATIVA.-

Con data 20 de decembro de 2001 ó Director Xeral do Catastro e o Alcalde de Vigo asinaron Convenio entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección General del Catastro) e o Concello de Vigo, de Colaboración en materia de Xestión Catastral.

Segundo consta na cláusula primeira do Convenio asinado, o Concello exercerá determinadas funcións de Xestión Catastral sen prexuízo da titularidade das competencias que corresponden á Dirección Xeral do Catastro.

Conforme ó exposto na cláusula segunda encoméndase ó Concello a tramitación do expedientes de alteracións catastrais de orde xurídica -transmisións de dominio que se formalicen en modelo 901 ou no que se puidera establecer na súa substitución-.

Conforme ó exposto na cláusula terceira, encoméndase ó Concello a tramitación de expedientes de alteracións de orde física e económica que se formalicen en modelos 902 e 902 S ou nos que se puideran establecer na súa substitución.

Conforme o exposto na cláusula cuarta, o Concello poderá certificar os datos obrantes no Padrón do Imposto sobre Bens Inmóbeis.

Conforme á cláusula quinta, o Concello debe asistir ós contribuíntes na cumprimentación das declaracións de alteracións catastrais, verificar o abono da correspondente taxa de inscrición catastral, realizar os requirimentos necesarios, e remitir á Xerencia Territorial toda a documentación precisa para a tramitación de ditas alteracións catastrais.



CONCELLO DE VIGO

Conforme as cláusulas oitava e novena, o Concello comprométese a colaborar na notificación individual dos valores catastrais que se deriven de procesos de revisión e na atención ó público como consecuencia de revisión ou modificación de valores.

O Concello exercerá, segundo explícita a cláusula duodécima do Convenio, as funcións convidadas conforme ás normas técnicas que, no seu caso, puidera impartir a Dirección Xeral do Catastro.

O Concello de Vigo, ven dando cumprimento ó Convenio a través do Servicio de Xestión Catastral Delegada con Asistencia Técnica da empresa especializada en traballos catastrais, que resultou adxudicataria do concurso convocado ó efecto mediante expediente 14/500 do ano 2003 sendo obxecto do seu contrato o ámbito de solo urbano vixente daquela (polígonos fiscais 1 ata 29).

Con data 25 de setembro de 2003 a Xerencia Territorial do Catastro de Vigo aprobou Ponencia Parcial de Valores do Municipio de Vigo, con entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2004 que inclúe aproximadamente 1500 novas hectáreas de solo urbano catastral, (polígonos fiscais 30 a 83).

Esta ampliación de solo urbano catastral de aproximadamente un 50% respecto do existente antes da entrada en vigor da Ponencia Parcial de Valores – 2003, determina, de forma automática, a aplicación do Convenio de Colaboración co Catastro a un ámbito territorial non incluído anteriormente no obxecto do contrato suscrito en virtude do expediente 14/500 aludido anteriormente.

Pola extensión do ámbito territorial, así como polas novas obrigas do Concello respecto da realización de intercambios cartográficos en formato FXCU1 vixentes dende 1 de xaneiro de 2004, non cabe modificación ou ampliación do contrato vixente.

O presente expediente ten por obxecto a contratación de empresa especializada en traballos catastrais para desenvolver **determinadas funcións** das sinaladas no convenio de colaboración **no ámbito específico do solo urbano incluído na Ponencia de Valores Parcial do ano 2003**, que aparece perfectamente delimitado nos planos anexos a este documento.

A necesidade de asistencia técnica externa atopa xustificación pola especialización requirida para os traballos catastrais tanto no que se refire ó equipo humano como os aplicativos informáticos específicos.

A Administración tributaria do Concello non conta cos medios humanos e técnicos necesarios para o desenvolvemento dos traballos.

Polo anteriormente exposto, esta Dirección de Ingresos considera oportuno propoñer á Xunta de Goberno Municipal a contratación de Asistencia Técnica especializada para desenvolver determinadas actuacións de entre as asignadas ao Concello en virtude do



CONCELLO DE VIGO

Convenio asinado o 20 de decembro de 2001 en particular **as funcións contidas nas cláusulas segunda, terceira, quinta e oitava, no ámbito territorial comprendido na Ponencia de Valores Parcial – 2003.**

Proponse, como en outros expedientes de obxecto similar, a división do término municipal en dous lotes ou campos de actuación polos seguintes motivos:

- A Amplitude do ámbito territorial obxecto do contrato.
- Garantir que os traballos de campo sexan realizados por persoal especializado de plantilla das empresas.
- O indudable estímulo á calidade que comporta a competencia de dúas empresas sen solapar os seus traballos. A división do Municipio en Zona Este e Zona Oeste segundo o plano que se achega, permite unha delimitación clara dos ámbitos de traballo.

O procedemento de contratación legalmente procedente e oportuno é o de Concurso aberto con arranxo ás prescricións técnicas que se detallan a continuación. Xustifícase o procedemento de urxencia por acumulación de expedientes 902 e 901, pendentes de tramitación, dende a entrada en vigor da Ponencia 1 de xaneiro de 2004.

De acordo con todo o exposto na Memoria anterior formúlase a seguinte

PROPOSTA:

1. Realizar, mediante Asistencia Técnica externa, os traballos necesarios para o cumprimento das cláusulas 2ª, 3ª, 5ª, e 8ª do Convenio de Colaboración coa Dirección Xeral do Catastro asinado o 20 de decembro de 2001 **no ámbito da Ponencia de Valores Parcial do ano 2003.**
2. Realizar a tramitación do expediente polo procedemento de “urxencia” de conformidade co disposto no artigo 71 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
3. Tramitar este contrato como expediente “anticipado de gasto” con cargo á partida 6110.227.0602 do Proxecto de Presuposto para o exercicio 2004.
4. Autorizar a realización do gasto derivado do presente contrato con carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o



CONCELLO DE VIGO

primeiro exercicio con cargo á Partida 6110.227.0602 do Presuposto do exercicio 2004.

5. Tramitar o correspondente expediente polo procedemento de concurso aberto con arranxo ó seguinte prego de Condicións Técnicas:

PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS

I. OBXECTO DO CONTRATO.

LOTE ZONA ESTE:

Realización dos seguintes traballos:

1. Tramitación de expedientes de transmisión de dominio (901).
2. Tramitación de expedientes de alteracións de orde física e económica (902 e 902 S).
3. Notificación individual de acordos da Xerencia Territorial do Catastro tanto os derivados de 901, 902 e 902S como derivados de procesos de revisión ou modificación de valores totais ou parciais.

Os traballos anteriores realizaranse nos Bens inmobles incluídos na Ponencia de Valores Parcial -2003 e situados dentro da área definida polos seguintes límites:

Confluencia da rúa Concepción Arenal co borde marítimo, borde marítimo ata o límite do término municipal, límite co término municipal de Redondela, límite co término municipal de Mos ata o Vial Castrelos-Universidade, Eixe do Vial Castrelos-Universidade ata a confluencia coa Avda. de Castrelos, Eixe da Avda. de Castrelos ata Praza de América, Eixe da Avda. Gran Vía ata a confluencia coa rúa Urzaiz, Eixe da rúa Urzaiz, Eixe da rúa Colón e Eixe da rúa Concepción Arenal ata o borde marítimo.

LOTE ZONA OESTE:

Realización dos seguintes traballos:

1. Tramitación de expedientes de transmisión de dominio (901).
2. Tramitación de expedientes de alteracións de orde física e económica (902 e 902 S).
3. Notificación individual de acordos da Xerencia Territorial do Catastro tanto os derivados de 901, 902 e 902S como derivados de procesos de revisión ou modificación de valores totais ou parciais.



CONCELLO DE VIGO

Os traballos anteriores realizaranse nos Bens inmobles incluídos na Ponencia de Valores Parcial -2003 e situados dentro da área definida polos seguintes límites:

Confluencia da rúa Concepción Arenal co borde marítimo, Eixe da rúa Concepción Arenal, Eixe da rúa Colón, Eixe da rúa Urzaiz ata Gran Vía, Eixe da rúa Gran Vía ata Praza de América, Eixe da Avda. de Castrelos ata a súa intersección co Vial Castrelos-Universidade, Eixe do Vial Castrelos-Universidade ata o límite do término Municipal, límite cos términos municipais de Mos, Porriño, Gondomar e Nigrán, borde marítimo ata a confluencia coa rúa Concepción Arenal.

II. TAREAS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO.

1. Recepción de documentación e asistencia ó contribuínte na cumprimentación das declaracións de alteracións catastrais (modelos 901, 902 e 902 S).
2. Comprobación de documentación relativa a datos físicos, xurídicos ou económicos, con realización de traballos de campo, no seu caso, que comprenderán a medición, investigación de datos tanto dos inmobles como dos titulares catastrais, ubicación, características físicas, fotografía de fachada e outras actuacións necesarias para cumprimentar os datos do inmovible.
3. Formalización dos requirimentos necesarios para a tramitación dos documentos 901, 902 e 902 S incluíndo os de abono da taxa de inscrición catastral se non se fixera efectiva.
4. Gravación en soporte informático dos datos necesarios para a xeración dos ficheiros de intercambio e, no caso dos 902 e 902S con asignación de tódolos parámetros necesarios para a obtención do seu valor catastral.
5. Delineación en soporte informático dos planos necesarios para a xeneración do ficheiro de intercambio de información gráfica asociada a parcelas catastrais.
6. Emisión de ficheiros de intercambio VARPAD, FINURB98 e FXCU1 con periodicidade mensual xunto coa documentación seguinte:
 - No caso de 901, toda a documentación necesaria para a súa tramitación.
 - No caso de 902 e 902S os seguintes:



CONCELLO DE VIGO

- a) Plano de localización e situación, sobre cartografía catastral.
- b) Plano de parcela ou solar acotado e superficializado á escala expresamente indicada.
- c) Cando existan construcións, plano de distribución de cada unha das distintas plantas do inmovible, acotado e á escala expresamente indicada. No caso de vivendas unifamiliares, considerase suficiente un plano de planta xeral acotado e a escala.
Acompañarase o cadro de superficies construídas e útiles diferenciando usos e elementos comúns no caso de inmoibles con división horizontal.
- d) Comprobación e toma de datos a nivel de campo sobre elementos físicos, económicos e xurídicos.
- e) Fotografía dixital da fachada do den inmovible.

7. Notificación ós titulares catastrais e/ou suxeitos pasivos do IBI dos acordos da Xerencia Territorial do Catastro.

Entenderase por notificación “realizada” ós efectos do presente contrato nos seguintes casos:

7.1 Cando o suxeito pasivo interesado asine o duplicado da notificación ou carta certificada con acuse de recibo facendo constar o seu nome, apelidos e DNI.

7.2 Cando, persoados no domicilio que se indica na notificación, asina o duplicado daquela calquera persoa que se atope no domicilio indicando nome, apelidos e DNI.

7.3 Cando estando presente o interesado, éste rexeite a notificación, debendo o notificador facer constar nunha dilixencia o día, hora, e lugar así como que o interesado rehusa recibir a notificación.

7.4 Cando, tratándose de notificacións fora do termo municipal, o interesado ou persoa que se atope no domicilio asine o acuse de recibo de carta certificada.

7.5 Cando persoados no domicilio que se indica na notificación, ésta non pode ser asinada como recibida segundo se dispón nos apartados 7.1, 7.2 e 7.3 polas seguintes circunstancias:

- Ausencia.
- Rexeitada por persoas distintas ó interesado que se atopan no seu domicilio
- Outros.

Nestes supostos, na dilixencia debe constar que o notificador se persoou as.....horas do día.....e as.....horas do día.....no domicilio....., non podendo practicarse a notificación polo motivo de: ausencia, cambio de domicilio, ou que as persoas que se atopan no domicilio – distintas do interesado- rehusan recibir a



CONCELLO DE VIGO

notificación ou calquera outro motivo. Compre realizar dous intentos de notificación, de conformidade co artigo 112 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria.

7.6 Cando persoados no lugar que se indica na notificación éste non fose localizable por non existir nome da rúa, nº, etc. Farase constar este extremo nun informe que se achegará á notificación.

7.7 Cando, tratándose de domicilios fora do termo municipal se teñan realizados dous intentos mediante cartas certificadas con acuse de recibo sen resultado positivo.

Os procedementos de notificación axustaranse, en todo caso e segundo o tipo de acordos ó disposto no RDL 1/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, ou normativa que as substitúa.

A entrega dos resultados deberá realizarse acompañados dun diskette e listados ordenados alfabeticamente por nomes, domicilios e nº de notificación.

Figurarán nun listado aparte as notificacións non comprendidas nos supostos 7.1, 7.2, 7.3 e 7.4 para a súa publicación no B.O.P.

En cada listado farase constar a data de notificación efectiva ou as datas dos intentos de notificación.

Tódalas actuacións necesarias para o desenvolvemento do presente contrato deberán axustarse ós Pregos de Prescricións Técnicas, de aplicación para traballos catastrais, aprobados pola Dirección Xeral do Catastro, que constan como anexo a este Prego.

O Contratista deberá dispoñer, no momento da sinatura do contrato e o longo de toda a súa duración, dunha oficina de traballo ubicada no termo municipal de Vigo.

III. OBRIGAS SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.

O adxudicatario debe axustarse ó mesmo réxime de garantías e esixencia de responsabilidade que o propio Concello e terán ambos a consideración de “encargados do tratamento” a efectos do disposto na Lei Orgánica 15/199 de Protección de Datos.

O adxudicatario asume, en particular, as seguintes obrigas:

- O tratamento dos datos farase conforme ás instrucións da Xerencia Territorial e a cláusula septima do Convenio de Colaboración.



CONCELLO DE VIGO

- Deberá adoptar aquelas medidas de índole técnica e organizativas que resulten necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados.
- Non aplicará nin utilizará datos de carácter persoal con fins distintos ós que figuren no contrato, nin os comunicará, nin sequer para a súa conservación, a outras persoas.
- Estará obrigado a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal tratados, aínda despois da extinción do contrato.
- A denuncia ou finalización do contrato ou o exercicio pola Dirección Xeral do Catastro das facultades de revocación da cesión do tratamento contido no contrato, supoñerá a devolución á Xerencia Territorial de tódolos documentos nos que puideran constar algún dato persoal.
- Unha vez cumprida a prestación obxecto deste contrato, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ó responsable do ficheiro, igual que calquera soporte ou documento no que consten datos de carácter persoal obxecto de tratamento.
- No caso de que o “encargado do tratamento” destine os datos a outra finalidade, os comunique ou utilice incumprindo as estipulacións do contrato, será considerado tamén “responsable do tratamento”, respondendo das infraccións en que incorrera persoalmente.

IV. PREZO

Os prezos unitarios máximos para cada unha das prestacións obxecto deste contrato serán os seguintes:

1. Por tramitación de 901.
 - 1.1 Sen requirimento de documentación complementaria, por unidade urbana 9,00 euros (IVE incluído).
 - 1.2 Con requirimento de documentación complementaria, por unidade urbana 12,00 euros (IVE incluído)
2. Por tramitación de 902.
 - 2.1 En parcela de ata 10 unidades urbanas, por cada unidade 55,00 euros (IVE incluído).
 - 2.2 En parcela de máis de 10 unidades urbanas, por cada unidade urbana que exceda de 10: 41,00 euros (IVE incluído)



CONCELLO DE VIGO

Entenderase por unidade urbana todo elemento diferenciado de valoración no que as características físicas ou xurídicas, fagan que sexa obxecto de un rexistro catastral individualizado.

3. Por cada notificación realizada:

3.1 Notificadas no prazo de 60 días e entregadas no Servicio de Xestión Catastral Delegada do Concello antes dos 70 días será de 2,20 euros (IVE incluído). Supostos 7.1, 7.2, 7.3 e 7.4 do apartado 7 da cláusula II.

3.2 Entregadas antes dos 70 días no Servicio de Xestión Catastral Delegada do Concello pero dos supostos 7.5 e 7.6: 1,10 euro (IVE incluído)

3.3 Entregadas con posterioridade:

a) 0,90 euros (IVE incluído) as dos supostos 7.1, 7.2, 7.3 e 7.4

b) 0,40 euros (IVE incluído) as dos supostos 7.5 e 7.6.

3.4 As que deben ser notificadas por correo por seren de fora do Municipio pagaranse a 2,60 euros (IVE incluído). En ningún caso serán entregadas con posterioridade ós 70 días mencionados.

Os prezos anteriores, ou os que, no seu caso, oferte o contratista rexerán para o primeiro ano de vixencia do contrato. Para o segundo ano, e os de posible prórroga, se a houbese, actualizaranse mediante a variación do IPC do ano inmediatamente anterior.

Para o exercicio 2004 o compromiso de gasto ascenderá a un máximo de 20.000 euros (10.000 € para cada lote).

Para o exercicio 2005 o importe total do contrato non superará os 120.000 euros (60.000 € para cada lote).

Para o exercicio 2006 o importe total do contrato non superará os 90.000 euros (45.000 € para cada lote).

En consecuencia, para os dous anos de contrato, o importe máximo ascenderá a un total 230.000 euros (115.000 € por lote)".

V. DURACIÓN MÁXIMA DO CONTRATO.

Establécese como duración máxima deste contrato o prazo de dous anos contados a partir da sinatura do mesmo, sen prexuízo da posible prórroga por outros dous anos, por acordo expreso do órgano competente, de conformidade co disposto no artigo 198 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de Xuño.



CONCELLO DE VIGO

VI. PAGAMENTO.

Aboarase o importe do contrato en fraccións mensuais polo importe correspondente os traballos efectivamente realizados, previa conformidade das facturas pola Dirección de Ingresos do Concello.

VII. SOBRE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

Os contratistas poderán formular ofertas só para realizar un dos lotes “ZONA ESTE” ou “ZONA OESTE” sinalados no obxecto do contrato, ou para os dous.

VIII. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

A adxudicación realizarase conforme ós seguintes criterios:

1. Plan de traballo e memoria detallada de procedementos e tarefas propostas para o cumprimento de contrato. Este criterio valorarase ata un máximo de 50 puntos da seguinte forma:

1.1. Tramitación de 901. Outorgarase por este apartado un máximo de 15 puntos valorando os seguintes extremos:

1.1.1. Procedemento administrativo.

1.1.2. Aplicación informática.

1.1.3. Atención personalizada ó contribuínte e comprobación de campo, no seu caso.

1.2. Tramitación de 902. Outorgarase por este apartado un máximo de 20 puntos valorando os seguintes extremos:

1.2.1. Procedemento administrativo.

1.2.2. Aplicación informática.

1.2.3. Atención personalizada ó contribuínte e comprobación de campo, no seu caso.

1.3 Notificación de Acordos da Xerencia Territorial do Catastro. Outorgarase por este apartado un máximo de 15 puntos valorando os seguintes extremos:

1.3.1. Procedemento tributario.

1.3.2. Medios.

1.3.3. Mecanismos de seguimento y control.



CONCELLO DE VIGO

2. Melloras e complementos obxecto do contrato. Ata un máximo de 25 puntos da seguinte forma:

2.1. Tarefas complementarias para trámite de 901 (que excedan as definidas como necesarias na cláusula II do Prego de Condicións Técnicas no relativo a tramitación de 901). Ata 5 puntos.

2.2. Tarefas complementarias para trámite de 902 (que excedan as definidas como necesarias na cláusula II do Prego de Condicións Técnicas no relativo a tramitación de 902). Ata 15 puntos.

2.3. Tarefas complementarias para procedemento de notificación (que excedan as definidas como necesarias na cláusula II do Prego de Condicións técnicas no relativo a procedemento de notificación). Ata 5 puntos.

3. Oferta económica mais vantaxosa. Este criterio valorarase ata un máximo de 10 puntos.

Aplicarase de forma proporcional á redución de prezos proposta.

IX. RÉXIME DE APLICACIÓN DO CONTRATO.

No non disposto neste clausulado que puidese afectar á presente contratación, estarase ó disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Vigo, 16 de Xuño de 2004
A Directora de Ingresos

Asdo.: M^a Jesús Magdalena Vila

Conforme,
O Concelleiro Delegado da Area de Xestión Municipal,
Patrimonio e Contratación

Asdo.: Javier Guerra Fernández